



XVIII CICLO CONCERTOS DE OUTONO 2016

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 12.30 h **Entrada libre**

ata completar a capacidade do local

	Domingo, 6 de novembro	Domingo, 20 de novembro	Domingo, 27 de novembro
	Concerto: Javier Ares (guitarra)	Concerto: M. Sancho Quartet	Concerto: Música Doméstica
Domingo, 30 de outubro			
Concerto:			
In_Keys Dúo			
(saxofón e percusión)			
Patricia Cadaveira Martínez (saxofón)			
Manuel Alcaraz (percusión)			

PROGRAMA

Webop (1995)
Gerard Brophy

Alto Voltango
(2001) (Selección)
Luis Naón

Garden of Love
(2001)
Jacob T.V.

**The sound of
Broken Water**
(2013)
Danilo Casti

Silence Must Be!
(2002)
Thierry De Mey

**Nana e Asturiana
das Siete
Canciones
Populares
Españolas** (1914)
(Adaptación)
Manuel de Falla

**Ciclogénesis
Explosiva** (2014)
**Marcel Pascual
Royo**

Dúo In_keys está formado polo percusionista Manu Alcaraz e a saxofonista Patricia Cadaveira. O dúo traballa para a difusión do repertorio para esta formación, colaborando con novos compositores para a creación de novas pezas. Dende o seu inicio en 2013, In_keys foi invitado a numerosos festivais e realizou concertos en España, Portugal e Italia. En 2013, In_keys foi invitado a Cagliari (Italia) para a estrea da obra "The Sound of Broken Water" que o compositor italiano Danilo Casti dedicou ao dúo. Seguidamente, realizou a estrea en Europa de "In Steel", do compositor americano Robert McClure. En Maio de 2014 o dúo participou no Festival Euroclassical, celebrado en Porto (Portugal), estreando a peza do compositor e percusionista Marcel Pascual "Ciclogénesis explosiva" e realizando unha gravación para o proxecto Classical Planet. Nese mesmo ano In_keys foi seleccionado para participar no Festival Internacional "Musiquem Lleida", levando o seu proxecto musical ás rúas desta cidade. Baixo o soporte de Xuventudes Musicais de España, o dúo In_keys realizou varias xiras de concertos pola xeografía española, actuando en Granada, Bilbao, Xixón, León e Lugo. Ao longo da súa traxectoria, o dúo In_keys ten taballado con profesores do talle de Claude Delangle, Miquel Bernat ou Fernando Ramos. Así mesmo, Patricia e Manu realizaron un Máster en Interpretación Musical na ESMAE (Porto). Na actualidade, In_keys compaxina a súa actividade concertística coa docencia e interpretación en diversos proxectos dos seus compoñentes. Os seus espectáculos caracterízanse pola fusión da música con outras disciplinas artísticas, como a poesía ou o vídeo.



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA

Plácido Frances
y Pascual
El consejo de
un padre, 1892



XVIII CICLO CONCERTOS DE OUTONO 2016

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 12.30 h **Entrada libre**

ata completar a capacidade do local

Domingo, 30 de outubro

Concerto:
In_Keys Dúo
(saxofón e percusión)

Domingo, 20 de novembro

Concerto:
M. Sancho Quartet

Domingo, 27 de novembro

Concerto:
Música Doméstica

Domingo, 6 de novembro

Concerto:
Javier Ares
(guitarra)

PROGRAMA

(Presentación CD
Travesía)

Oración de mañana
Javier Ares Yebra

Canarios
Gaspar Sanz

Canción del Emperador
Luis de Narváez

Canción de noche
Javier Ares Yebra

Homenaje a Debussy
Manuel de Falla

Serie Americana
I. *Preludio*
II. *Choro* (Brasil)
III. *Takirari* (Bolivia)
IV. *Guaranía* (Paraguay)
V. *Tonada* (Chile)
VI. *Vals* (Perú)
VII. *Gato y Malambo*
(Argentina)
Héctor Ayala

Danza de la Paloma
Enamorada
Atahualpa Yupanki

Spatter the Dew
Irish Slip Jig
Arr. David Russell

Javier Ares Yebra realiza estudos musicais nos Conservatorios Superiores de Música de Córdoba e A Coruña, onde recibe clases do profesor Ramón Carnota, obtendo a Licenciatura en Guitarra Clásica con Premio Extraordinario Fin de Carreira. É Doutorando en Investigación en Comunicación da Universidade de Vigo, cunha investigación sobre a música nos escritos do filósofo Pierre Souvchinsky. Complementa a súa formación interdisciplinar coa filósofa Yolanda Espiña, o musicólogo José López Calo ou o crítico musical Federico Monjeau, entre outros. Convidado a participar en masterclasses, cursos e congresos nacionais e internacionais, ofrece concertos como solista por diferentes países dos continentes europeos, americano e asiático, traballando tamén con grupos de cámara e orquestras como a Real Orquestra Filharmonía de Galicia. Como compositor propón música en variadas producións artísticas e traballos audiovisuais, centrando fundamentalmente a súa produción compositiva na guitarra. En 2014 e 2015 coordina o Memorial Carlos López-García Picos, coa colaboración, entre outras, da Asociación Galega de Compositores (AGC), no que se levan a cabo achados e estreas de obras do compositor galego, destacando a estrea absoluta do seu Cuarteto de cordas con guitarra. Realizou estanzas de investigación nas Universidades de Porto (Escola das Artes-CITAR. Centro de Investigación em Ciência e Tecnologia das Artes, UCP), Bos Aires (Cátedra de Estética Musical. Facultade de Filosofía e Letras, UBA) e Braga (Centro de Estudos Filosóficos e Humanísticos, UCP). En 2016 publica dous proxectos, o seu disco *Travesía*, que supón a primeira gravación de composicións propias xunto a un repertorio dedicado esencialmente ao Renacemento español (Narváez, Milán ou Pisador), e o seu libro *Preludios Atlánticos*. Ensaio sobre música e comunicación, publicado en Bos Aires por Edicións Abey. Javier Ares Yebra toca cunha guitarra Rafael Moreno (Granada).



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA

Plácido Frances
y Pascual
*El consejo de
un padre*, 1892



XVIII CICLO CONCERTOS DE OUTONO 2016

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 12.30 h **Entrada libre**

ata completar a capacidade do local

Domingo, 30 de outubro

Concerto:
In_Keys Dúo
(saxofón e percusión)

Domingo, 6 de novembro

Concerto:
Javier Ares
(guitarra)

Domingo, 27 de novembro

Concerto:
Música Doméstica

Domingo, 20 de novembro

Concerto:
M. Sancho Quartet

PROGRAMA

PARTE I

**Cuarteto nº1 en Sib M,
op. 79 kv.317d**
- *Allegro moderato*
- *Andante sostenuto*
- *Rondó*
Wolfgang Amadeus Mozart

PARTE II

**Trío para cordas
en Si b M, nº1 D.471**
Franz Schubert

**Cuarteto nº1,
op. 2 en Mib M**
- *Poco adagio e allegro*
- *Romanze*
- *Menuetto*
- *Rondó*
Bernhard Crussell

Interesados pola difusión da música de cámara e a música sinfónica, os catro integrantes de **M. Sancho Quartet** compartiron ao longo destes últimos 10 anos distintas formacións coas que percorreron gran parte do territorio español. De entre todas elas, son de resaltar o Trío Kulmann, Cuarteto Ephimere, Ensemble Vigo 430, e a Orquestra Sinfónica Vigo 430, coa que recibiron en 2014 un Premio Martín Códax da Música. **Marta Sancho Andrés** (clarinete) Obtén o Título de Clarinete no Conservatorio Superior de Aragón. Profesora de clarinete no Conservatorio Profesional de Música de Vigo, compaxina a súa actividade docente coa concertística, tanto en música de cámara coma en orquestra. Asiste a clases de perfeccionamento con J. Balaguer, e a cursos de clarinete e música de cámara con J. Tomás, V. Penarrocha, S. Hue, J. Ferrer, V. Alberola, R. Fankhauser, K. Maetzel, O. Semoushina, J. Robaina, D. Quiggle, C. Tielles, A. Puig e I. Rohmann, entre outros. Cofundadora do Trío Kulmann (2005), do Trío Erkel (2008), o Cuarteto de clarinete e cordas Scherzando (2013) e M. Sancho Quartet (2015), participa con todos eles en diversos ciclos de concertos. Forma parte da Orquestra Sinfónica Vigo 430 dende a súa fundación en 2005. **Mario Peris Salom** (violín) Rematada a súa carreira no Real Conservatorio Superior de Madrid con J. Llinares, ampliando a súa formación na Universidade de Madison-Wisconsin (EUA) con V. Manoogian. Realizou cursos de perfeccionamento de violín e música de cámara con A. León Ara, F. Ayo, J. Levine, V. Manoogian, Y. Sivoni, D. Quiggle, L. de Moura, F. Rados. Formou dúo de cámara coa pianista Cristina Olivar, dando recitais nas principais salas de concertos de Galicia. Do 2000 ao 2011 é primeiro violín do Cuarteto Ephimere, e dende o 2005 concertino da Orquestra Vigo 430. Realiza unha intensa actividade camerística con diversos grupos clásicos, e participa en ensembles de música contemporánea como Vertixe Sonora ou Vocare Ensemble. Dende 1998 é profesor de violín e música de cámara no Conservatorio Superior de Música de Vigo. **Javier Escobar Vidal** (viola) Obtén o Título de Viola e Música de Cámara no Conservatorio Superior de Vigo. Posteriormente amplía os seus estudos con David Quiggle. Formou parte da Joven Orquestra Nacional de España (1991-95), colaborando posteriormente coa Orquestra Sinfónica de Galicia e Real Filharmonía de Galicia. Actualmente é profesor de viola no Conservatorio Superior de Vigo, labor que compaxina coa dirección artística da Orquestra Vigo 430, da que é tamén fundador. **Isabel Figueroa Lorenzo** (violoncello) Obtén o Título Superior de Violoncello e de Música de Cámara no Conservatorio Superior de Vigo. Prosegue os seus estudos na Hogeschool voor de Kunsten en Utrecht (Holanda) cos profesores Elías Arizcuren e Jeroen de Herder. Interesada dende sempre na interpretación da música historicamente informada, en 2010 licénciase en Música Antiga (especialidade Violoncelo Barroco) na Escola Superior de Música e Artes Escénicas do Porto-Esmae (Portugal). Toca habitualmente na Orquestra Barroca da Universidade de Salamanca, Orquestra Barroca da Esmae (Portugal), Al Ayre Español e recentemente con Incogniti (Amandine Beyer). Ademais, é membro fundador do Proxecto Vigo 430. Na actualidade, compaxina o seu traballo como profesora no Conservatorio Profesional de Vigo coa súa actividade artística como intérprete no Proxecto "Vigo 430" e nas súas agrupacións de música de cámara, Cuarteto Ephimere, Trío Acanto, e M. Sancho Quartet coas que nos últimos anos se presenta regularmente en concerto por toda a xeografía galega.



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA

Plácido Frances
y Pascual
El consejo de
un padre, 1892



XVIII CICLO CONCERTOS DE OUTONO 2016

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 12.30 h **Entrada libre**
ata completar a capacidade do local

Domingo, 30 de outubro

Concerto:
In_Keys Dúo
(saxofón e percusión)

Domingo, 6 de novembro

Concerto:
Javier Ares
(guitarra)

Domingo, 20 de novembro

Concerto:
M. Sancho Quartet

Domingo, 27 de novembro

Concerto:
Música Doméstica

PROGRAMA

MÚSICA NA OBRA
DE CERVANTES

*Yace aquí el
hidalgo fuerte*
Joan Pau Pujol

*De tu vista zeloso
(Seguidillas en eco)*
Anónimo

*A la dulce risa del
alba*
Mateo Romero

Por la puente, Juana
Anónimo

Dos ánades, madre
Juan de Anchieta

*¡Ay de mí que'n
tierra ajenal*
Mateo Flecha, el joven

Aquella mora garrida
Gabriel

*Señora, qual soy
venido*
Cornago-Triana

Sospiraste, Valdovinos
Luis Milán

*Caballero,
si a Francia ides*
Anónimo

*¿Dónde estás,
señora mía?*
(Romance del
Marqués de Mantua)

Dí, perra mora
Pedro Guerrero

La morisca
Tielman Susato
(editor)

La Canarie
Michael Praetorius
(editor)

*Un sarao de
la chacona*
Juan Arañés

María Fraile frautas dulces e glockenspiel | **Elda Pérez** frautas dulce e travesera | **Benito Buide** violas alto, tenor e baixo, e percusión | **Xurxo Varela** violas alto, tenor e baixo, canto e percusión | **Alejandra García** clave, órgano e *spinettina* | **Pablo Ruibal** viola baixo e guitarra renacentista | **Luis Lupiáñez** laúde, frautas, clave e percusión | **Raquel Rodríguez** canto e clave | **Graciela Trevín** canto e percusión | **Christian Losada** canto e percusión | **Nerea Casanova** violas tenor e baixo, e arpa | **Sagrario López** leerá os comentarios ao programa e os textos das cancións | **Luis Lupiáñez** dirección |

No inverno de 1982, coa adquisición dunha reprodución dunha viola de gamba baixo, un conxunto de frautas doce, un laúde e unha espineta, comezamos a facer o que hoxe se entende por MÚSICA ANTIGA. O noso grupo foi bautizado co nome de MÚSICA DOMÉSTICA, que reflicte moi ben o carácter lúdico e afeccionado co que facemos isto, o cal non quere dicir que non teñamos entre nós profesionais teóricos e prácticos. Comezamos como grupo instrumental coa intervención dunha soprano, e en outono do 2004, engadimos un cuarteto vocal, o que nos permite unha aproximación máis histórica da música do Renacemento, que unido á gran variedade de timbres sonoros conseguidos grazas ás diversas familias de instrumentos e voces (clave, órgano, laúde, frautas doce e travesera, violas, orlos, etc.) podemos enfrontarnos con éxito ao problema da monotonía tímbrica que, as veces, impide gozar desta marabillosa música. A construción de dúas violas de gamba, unha baixo, reprodución dunha Barak Norman, e outra soprano, reprodución dunha Jaye, polo magnífico luthier Gonzalo Bayolo, proveunos de dúas estupendas ferramentas de traballo de moi belo son. Outra novidade foi a adquisición dun grupo de frautas doce baixo, é dicir dispoñemos dun cuarteto afinado unha oitava inferior ao tradicional composto por soprano, alto, tenor e baixo, que en realidade soa sempre unha oitava sobre o escrito. A interpretación de obras polifónicas renacentistas con frautas doce na tesitura orixinal é dunha beleza sorprendente, e é posible oílas hoxe grazas ao avance que se produciu nos últimos anos na construción destes instrumentos. A principios do 2014 o organeiro Eduardo Bribiesca entregounos un precioso órgano portativo dun só rexistro de contrabaixo, cuxa achega sonora supón un soporte básico para o grupo. Quizais a nosa actividade musical quede moi ben reflectida no libro de Harry Haskell, titulado "The Early Music Revival. A History" que no seu capítulo dedicado á Música Antiga como subcultura, indica "O sono de Arnold Dolmetsch de que en cada fogar houbera un conxunto de frautas doce, un conxunto de violas de gamba e un clavicordio ou un clavecín, podería ter sido unha utopía, pero sen as leccións que formaron os seus acólitos afeccionados, a Música Antiga nunca tería quitado o estigma de elitismo tan rapidamente. Este sono de Dolmetsch vivímolo e gozamos en MÚSICA DOMÉSTICA, e queremos facer partícipes del a todos aqueles que asisten aos nosos concertos |

